

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027851	IES A Cachada	Boiro	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

## 1. Introdución

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE) define o currículo como o conxunto de obxectivos, competencias, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas reguladas na presente Lei. Nel establecécese que o currículo deberá orientarse a facilitar o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e preparándoo para o exercicio pleno dos dereitos humanos dunha cidadanía activa e democrática.

A materia de Lingua Galega e literatura preséntase como unha materia ofertada de libre configuración autonómica obligatoria, segundo a Ordenación Xeral do sistema educativo vixente. O seu desenvolvemento será análogo ao de Lingua castelá e literatura, como recolle o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, desenvolvendo a Lei 3/1983, do 15 de xuño de Normalización Lingüística para os centros galegos de titularidade pública ou privada. O obxectivo é fomentar a destreza na adquisición de novas linguas, favorecendo o interculturalismo e plurilingüismo.

O eixe do currículo de lingua galega e literatura constitúeno as competencias relacionadas coa interacción oral e escrita adecuada nos distintos ámbitos e en función de diferentes propósitos comunicativos, do hábito lector, da variada tipoloxía de textos e do patrimonio cultural.

A finalidade da materia de Lingua galega e literatura oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico.

Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos adquiridos na educación primaria, pasando dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo. Esta evolución supón unha maior diversidade e complexidade das prácticas discursivas.

Atendendo ao exposto, divídese a materia de Lingua galega e literatura en 4 bloques, en función dos contidos, obxectivos e criterios de avaliación: o Bloque 1. As linguas e os seus falantes (OBX1), oriéntase ao recoñecemento da diversidade lingüística e dialectal da nosa contorna, de Galicia, de España e do mundo, particularmente do ámbito lusófono; o Bloque 2. Comunicación (OBX2, OBX3, OBX4, OBX5, OBX6, OBX10), céntrase na comprensión, producción e interacción oral e escrita, incorporando as TIC aos diferentes ámbitos de comunicación (persoal, educativo, social e profesional); o Bloque 3. Educación literaria (OBX7, OBX8) segue a centrarse no sentido global dos textos, especialmente nos textos literarios, subliñando que o proceso de ensino e aprendizaxe da lectura debe abordarse desde unha perspectiva ampla; por último, o Bloque 4. Reflexión sobre a lingua (OBX9), propón a construcción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando para iso a metalinguaxe específica.

Para cada obxectivo formúlanse criterios de avaliación que establecen o nivel de desempeño esperado na súa adquisición, e que se presentan cun claro enfoque competencial e atenden tanto aos procesos como aos produtos, o que reclama o uso de ferramentas e de instrumentos de avaliación variados e con capacidade diagnóstica e de mellora.

Neste sentido, especialmente importante, tras a última reforma educativa, incidir no estudo e posta en práctica da importancia das relacións entre o galego e as demais linguas da Península, en concreto co portugués. Así o recolle a Lei 1/2014, do 24 de marzo, coñecida como a Lei Paz-Andrade, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. Isto permitirános desenvolvernos nunha lingua próxima a nós e cunha orixe e desenvolvemento parello durante séculos. É importante destacar que neste centro educativo realizanse intercambios con outros centros educativos de Portugal, favorecendo o intercambio e a aprendizaxe intercultural.

Como observamos, promovemos un proceso de ensinanza-aprendizaxe integrador e cooperativo e nel atendemos ás características particulares do noso alumnado.

Precisamente, pola importancia do contexto, debemos ter en conta as CARACTERÍSTICAS SOCIOLINGÜÍSTICAS do centro no que se insire a programación.

O IESP A Cachada é un centro plurilingüe de ESO situado na costa occidental de Galicia, nas Rías Baixas e acolle o alumnado de diversas parroquias (Escarabote, Cabo de Cruz, Boiro, Cespón, etc). Entre os piáres socioeconómicos más destacados do concello destan o mar, o sector conserveiro, e o sector servizo. O centro de ensino será o espazo no que as rapazas e rapaces interactúen e coincidan. Trátase de alumnado de procedencia heteroxénea (alumnado de zonas moi urbanizadas fronte alumnado procedente de zonas rurais).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prejuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información más relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de producción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descripción:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE1	<p>Unidade 1</p> <p>Na primeira unidade o alumnado vai realizar un primeiro achegamento ao contexto histórico da historia da lingua e da literatura nos séculos XX e XXI co obxectivo de que adquira unha serie de claves que lle permitan situar autores ou obras nas súas coordenadas histórico literarias. Iniciarase ao alumnado nas claves para elaborar un comentario de texto.</p> <p>O alumnado vai achegarse ao plurilingüismo do estado, ademais vai ampliar os seus coñecementos da lingua portuguesa con textos variados. Ademais tamén se centrara na situación sociolingüística do galego.</p> <p>Farase unha aproximación ao texto e as súas propiedades. e traballarase na súa idónea construción, facendo especial fincapé na fonética propia do galego e na corrección ortográfica e gramatical (estudo da sintaxe, xénero e número e pronomes persoais)</p> <p>Dentro da tipoloxía textual o alumnado traballará o currículo como instrumento fundamental para o seu futuro social tanto a través da vida académica como da vida profesional.</p>	20	14	X		
2	UNIDADE2	<p>Unidade 2</p> <p>O alumnado achegarase aos distintos xéneros literarios do 1º terzo do s. XX mediante a lectura e análise de textos e mediante a súa propia creación literaria. Inclúese tamén aquí a lectura autónoma de xénero narrativo do primeiro trimestre..</p> <p>Traballarase co comentario de textos narrativos, afondando no uso correcto da morfosintaxe e fonética do galego.</p> <p>Prestarase atención á aplicación das distintas propiedades textuais á hora de redactar un comentario.</p> <p>Polo que respecta á comunicación traballarase cos "desafíos que deixan pegada" coa elaboración de distintos obradoiros de comunicación tomando como punto de partida "os libros: presentación multimedia, folletos</p>	20	16	X		
3	UNIDADE3	<p>Unidade 3</p> <p>Na análise dos textos estudaremos a importancia da sintaxe (funcións</p>	10	20	X	X	

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	UNIDADE3	sintácticas,subordinación) na transmisión da información, en especial da crónica. En canto ao verbo e á colocación dos pronomes persoais átonos farase fincapé no seu uso correcto e na súa colocación para poder afondar na corrección e gramaticalidade textual. O comentario de texto levaranos ao estudo da narrativa galega dende 1936 ata 1975 así como a reflexión sociolingüística sobre esta época (bilingüismo, diglosia, prexuízos...)	10	20	X	X	
4	UNIDADE4	Unidade 4 Dentro da tipoloxía textual o alumnado traballará o texto administrativo como instrumento fundamental para o seu futuro social tanto a través da vida académica como da vida profesional, afondando nas diferencias do uso culto da lingua fronte ao uso popular traducido nas variantes lingüísticas. Nesta unidade o xénero literario protagonista será a poesía, a partir de comentarios de texto de obras a partir de 1975. Inclúese tamén aquí a lectura autónoma de xénero narrativo do segundo trimestre. Polo que respecta á comunicación traballarase cos "desafíos que deixan pegada" coa elaboración de distintos obradoiros de comunicación tomando como punto de partida os roteiros literarios reais e /ou virtuais.	20	14		X	
5	UNIDADE5	Unidade 5 Achegaranse aos medios de comunicación a través de textos tanto dados como de producción propia: cine, radio, redes...En todos os casos traballaranse os mecanismos de enriquecemento e precisión léxica así como a corrección ortográfica e gramatical e a utilización de construccions morfosintácticas más xenuínas evitando castelanismos e outras deturpacións. Seguirase co estudo e comentario narrativo aportando texto da narrativa galega a partir de 1975.	10	27	X	X	
6	UNIDADE6	Unidade 6 Recorreranse a textos pertencentes a diferentes variedades xeográficas para chegar a entender a necesidade dunha norma ao mesmo tempo que no proxecto "desafíos que deixan pegada" se analizará	20	14			X

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
6	UNIDADE6	<p>a toponimia, o rueiro...do concello de Boiro.</p> <p>Nesta unidade o xénero literario protagonista será o teatro, o alumnado analizará diferentes textos así como tamén valorará a evolución desta tipoloxía textual na nosa literatura. Inclúese tamén aquí a lectura autónoma de xénero narrativo ou teatral do terceiro trimestre.</p> <p>Para rematar, creará textos literarios multimodais que conversen con outras linguaxes artísticas e audiovisuais da literatura galega da última década para unha intervención creativa na fin de curso.</p>	20	14			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	UNIDADE1	14

<b>Criterios de evaluación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos más salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Recoñece os trazos lingüísticos que asemellan e diferencian galego e portugués e domina un repertorio léxico en lingua portuguesa que lle permite ler e comprender un xornal en portugués.	PE	45
CA1.4 - Valorar a lingua éuscaro, analizando as súas características más salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Valora nun texto expositivo as características más salientables do éuscaro e ponas en relación coa realidade multilingüe de España.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica e argumenta a pertenza dun texto ou obra a un dos grandes períodos da literatura dos séculos XX e XXI e relaciónao cun contexto histórico determinado.	TI	55
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora un texto multimodal destinado ao alumnado onde se explique e demostre con exemplos concretos como unha lingua, o galego, é transmisora dunha cultura con coherencia, cohesion e rexistro formal.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos aplicando os seus coñecementos sobre coherencia e cohesion, corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos utilizando os instrumentos dixitais dos que dispomos (dicionarios, correctores ortográficos...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos).</li> <li>- Valoración e comprensión das principais características do éuscaro.</li> <li>- Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacíons e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e grammatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuito literario e lector.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamiento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información grammatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE2	16

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos más característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as variantes dialectais do galego atribuíndo ao seu bloque dialectal mensaxes diversas segundo a procedencia dos falantes.	PE	10
CA1.3 - Identificar e cuestionar prejuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Identifica e cuestiona os prejuízos e estereotipos lingüísticos que se producen na súa contorna.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Investiga en grupo o maltrato verbal ás mulleres e o maltrato verbal á lingua galega e cos resultados realizan a intervención intermodal "Agriado coa lingua e agriado a túa lingua" onde se vinculen ecofeminismo e ecolingüismo.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica nun traballo en grupo os usos discriminatorios da lingua e os abusos a través da palabra e destérraos do seu uso particular.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.	Na intervención educativa "Agriado coa lingua e agriado a túa lingua" utiliza estratexias para a resolución dialogada de posibles desavenencias nas aulas.	TI	90
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Elabora un booktuber en vídeo sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral (entre as tres propostas) explicando o seu criterio de selección e a experiencia lectora.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Elabora un booktuber en vídeo sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral (entre as tres propostas) relacionándoa coa súa experiencia biográfica e cultural.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Elabora un booktuber en vídeo sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral dando conta das relacións internas dos seus elementos constitutivos, das relacións externas co seu contexto histórico e do seu posicionamento no xénero, subxénero e etapa literaria.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un texto narrativo con intención literaria partindo de referentes narrativos da historia da literatura galega dos séculos XX e XXI.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica os efectos no receptor das eleccións lingüísticas inapropiadas en relación á violencia de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais.</li> <li>- Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso</li> <li>- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacóns e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e grammatical dos textos. Uso de diccionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali</li> </ul>

## Contidos

- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construcción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción, en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre lingua.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de diccionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de diccionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE3	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información más relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta de maneira completa un texto ensaístico dando conta da súa estrutura, da información más relevante e da intención do emisor e relacionándoo coa etapa literaria en que foi producido.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contenido e a forma de textos de certa complejidad avaliando a súa calidad e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos emplegados.	Valora criticamente un texto ensaístico dos séculos XX e XXI analizando os procedementos lingüísticos emplegados.	PE	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma diccionarios, manuais e gramáticas.	Identifica os valores de elementos lingüísticos concretos en secuencias sintácticas de subordinación e transforma eses enunciados mantendo esos valores.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación en parellas sobre a manipulación informativa mediante un seguimento durante tres semanas.		
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza en parellas unha exposición oral argumentada en rexistro formal do seu traballo de investigación con fluidez, coherencia e cohesión en rexistro formal e cunha utilización adecuada dos recursos verbais e non verbais.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende, valora, interpreta e avalía a calidade e fiabilidade de textos dos medios de comunicación.	TI	70
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelaborala e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Contrasta a información en diversos medios de comunicación adoptando un punto de vista crítico.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas más xenuínas.	Enriquece o seu traballo con precisión léxica, corrección ortográfica e gramatical e construcións morfosintácticas más xenuínas na nosa lingua.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa o seu traballo de investigación de forma autónoma utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracions institucionais.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

## Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Procesos de producción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da lingua verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da lingua. As noticias falsas. Valoración da forma e do contido do texto.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidá e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e grammatical dos textos. Uso de diccionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prelección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuito literario e lector.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construcción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
